



I Concurso de cartas de Reis

Desde a Concellaría de Educación e Normalización Lingüística queremos propoñer unha actividade ás escolas e ás familias que permita darlle outras dimensións á tradicional carta aos Reis Magos.

Entendemos que pode ser unha boa ocasión para que, desde as escolas, se convide aos pais e nais a traballar cos nenos algúns contidos de interese á vez que se realiza un exercicio de creatividade.

O procedemento para participar é sinxelo e recóllese nestas bases:

Primeira. Para participar no concurso as cartas teñen que estar escritas en lingua galega. O xurado valorará a creatividade, tanto do texto como da decoración e a adecuación ao tema proposto.

Segunda. Establécense tres categorías:

- Educación infantil
- Primeiro ciclo de primaria (1º e 2º de primaria)
- Segundo ciclo de primaria (3º e 4º de primaria)

Terceira: Os nenos e nenas que desexen participar teñen que deixar a súa carta antes do 19 de decembro nalgunha das caixas de correo real que se situarán nos colexios e na Casa do Concello.

Cuarta: Nas cartas deberán aparecer, de xeito claro, os datos persoais do/a participante (nome e apelidos, curso, enderezo postal e teléfono de contacto).

Os Reis Magos contestarán por carta a todos/as os/as participantes que envíen ben os seus datos.

Quinta: A Casa Real de Oriente nomeará un xurado en colaboración co Concello de Santiago que elixirá a mellor carta en cada categoría. Os premios entregaranos os propios Reis Magos na cabalgata do 5 de xaneiro.

Carta aos Reis Magos

Nenos e nenas de Compostela:

Achégase esa data que tanto agardades e na que nos toca traballar arreo para que recibades os agasallos que nos pedides ou, cando menos, aqueles que merecestes co voso esforzo e comportamento. Malia sermos magos, este ano a tarefa vai ser un pouco máis difícil porque as cousas andan mal por todas partes, tamén aquí en Oriente, e igual non nos é posible atender todos os pedimentos como nos gustaría. Por esta razón, decidimos adiantarnos e enviarnos esta mensaxe para que, entre todos, reflexionemos no que realmente é importante e busquemos outros motivos para alegrarnos xuntos.

Seguro que o que máis contentos/as vos pon sempre é o cariño das persoas que tedes arredor. Un bico vale moito máis que o mellor dos xoguetes, ¿verdade? Todos e todas sabedes ben como prestan as apertas das vosas nais, dos vosos pais, da avoa, dos amigos... Pois para serdes merecentes deñes incomparables agasallos non tedes máis que practicar vós tamén, ser solidarios/as con todas as persoas e atender ao que vos din e ao que vos ensinan.

Este ano, polo tanto, queremos propoñervos que nas vosas cartas formuledes algúns desexos que non sexan materiais. Queremos que pidades algo que non se merque e que sirva para alegrar a alguén..., ou para alegarnos a todos e a todas.

Seguro que xa estades pensando en desexar que ninguén estea enfermo, que ningún neno nin nena pase ningunha necesidade, que todas as familias poidan reunirse, que se reduza a contaminación dos mares, que non desaparezan máis bosques..., ¿e que vos parece se pensamos tamén desexos para o voso idioma? Contáronnos os nosos axentes de información que, igual que a economía ou o medio ambiente, anda un pouco en horas baixas porque os nenos e nenas galegos non o usan moito e iso pode ser fatal para o futuro.

Xa que logo, se aceptades o noso reto e vos poñedes a pensar se desexades unha nova serie de debuxos animados na nosa lingua, ou que o ano que vén sexades quen de usala cos compañeiros e compañeiras do cole..., ou que os vosos avós vos conten os contos en galego..., poñédeo na carta que nos enviedes e participade no concurso que organizamos.

Prometemos contestar todas as cartas que nos cheguen cos vosos datos completos e enviarnos unha pequena sorpresa. E para as máis bonitas ou enxeñosas haberá agasallos extra o día da cabalgata.

Pois veña, ¡a traballar e ata ben pronto!

Melchor, Gaspar e Baltasar

